

VISITAS CONTADAS:

As **Visitas Contadas** do MdPS é unha actividade dirixida e **adaptada** as diversas etapas educativas. Ten como obxectivo a **divulgación** das coleccións do museo dunha forma **amena** e **participativa**.

Estas visitas mesturan un percorrido guiado polo museo coa tradición dos **contacontos**. O alumnado terá a ocasión de coñecer as pezas expostas e gozar coas lendas, anécdotas e curiosidades relativas ao Camiño de Santiago e a propia historia da cidade compostelá.

Deste xeito, os relatos e a súa riqueza inmaterial que, pola súa natureza, non se poden expoñer nunha vitrina, serán o fío conductor para descubrir todas as historias que os bens culturais non poden contar de viva voz.



COMO RESERVAR A TÚA VISITA

Actividade dirixida a grupos e de balde.

Como reservar unha Visita Contada:

- A través do correo electrónico reservas.mdperegrinacions@xunta.gal ou no teléfono 881.867.322. Horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 ás 14:00h.
- No teléfono 881.867.401. Horario de atención ao público de martes a venres de 10:00 ás 19:00 h / Sáb. 11:30 ás 19:00h / Dom. 10:30 ás 14:00h.
- [Formulario de reservas páxina web](#)

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPOÑIBLES:

- [Que ver na túa visita](#)
- [APP \(aplicación multimedia\)](#)
- [Visita Virtual](#)

INFORMACIÓN:

Sede Expositiva

Praza das Praterías, 2, 15704, Santiago de Compostela 881.867.401

Sede Administrativa

Rúa san Miguel (Casa Gótica) 15704, Santiago de Compostela 881.867.315



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO



VISITAS CONTADAS ESCOLARES

CURSO 2022/23



Museo das Peregrinacións
e de Santiago